

ruta das tapas 5 estrelas

Dende o Concellaría de Promoción Económica, en colaboración co Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu (FICBUEU), estamos organizando a 4ª edición da ruta “Tapas 5 estrelas” e por iso convidamos a todos os establecementos hostaleiros a participar.

Ao igual que o ano pasado, os participantes poderán obter un cupón con cinco estrelas en calquera dos establecementos, onde se irán selando cada unha delas por cada tapa consumida. Os/as que completen os cinco selos, sendo todos eles de distintos establecementos, entrarán no sorteo dunha cea para dúas persoas nun dos locais participantes.

Somos conscientes das dificultades de axenda no verán para a hostalaría, polo que nesta notificación pretendemos achegar toda a información necesaria para participar e así non facervos vir ata o Concello.

Para anotarse poderedes facelo por correo electrónico en silvia@concellodebueu.gal , no teléfono 986390029 ou ben de xeito presencial no Concello de Bueu.

Debido a motivos de imprenta o prazo límite para a inscrición é inamovible.

Información para a participación

DATAS:

Do venres 06 de setembro ao domingo 15 de setembro

PARA PARTICIPAR:

Elaborar unha tapa cun nome relacionado co mundo do cine, dunha película, dunha curta... E cumprir os prazos establecidos .

Para a inscrición os locais terán que aportar 15 vales, por valor dunha tapa, á organización do festival, que esta repartira entre os cineastas presentes no FICBUEU. A organización pola súa banda farase cargo dos premios do sorteo da ruta.

O evento “Tapas 5 estrelas” fará promoción dunha soa tapa pero o establecemento pode ofrecer máis de querele.

CALENDARIO:

LUNS 30/05/2019: APERTURA DO PRAZO DE INSCRICIÓN

LUNS 30/ 06/2019: DATA LÍMITE PARA A INSCRICIÓN, INDICACIÓN DE HORARIO E **NOME DA TAPA.**

VENRES 15/07/2019: DATA LÍMITE PARA ENVIAR A FOTO DA TAPA

VENRES 06/09/2019: DATA DE COMEZO DA RUTA

PREZO:

Dous euros a tapa.

HORARIOS

Mañá: 12.00 a 13.30

Tarde: 20.00 a 22.00

*Se o establecemento quere estender o horario ao da súa cociña que o indique, pero só hai esas dúas opcións para aparecer no folleto, ou ben o horario oficial ou ben horario estendido.